



PDR 2014_2020 DE GALICIA

PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Medida 8

Investimentos no desenvolvemento de zonas forestais e mellora da viabilidade dos bosques

Submedida 8.3

Axuda para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes

Índice

1. Medida 8. Inversións no desenvolvemento de zonas forestais e mellora da viabilidade dos bosques	3
1.1. Submedida 8.3 Axuda para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes	3
1.1.1. Que tipo de actuacións se financian?	3
1.1.2. Quen pode solicitar esta axuda?	4
1.1.3. Como se outorga a axuda?	4
1.1.4. Que tipo de gastos se financian?	4
1.1.5. Que requisitos se han cumprir para recibir a axuda?	5
1.1.6. Que criterios serán utilizados para a selección?	6
1.1.7. A canto ascende esta axuda?	7
1.1.8. Quen xestiona esta axuda?	7
1.1.9. Marco normativo	7
1.1.10. Documentos e enlaces relacionados	8

1. Medida 8. Inversións no desenvolvemento de zonas forestais e mellora da viabilidade dos bosques

Aínda que os incendios son unha das maiores ameazas dos bosques galegos, para o que hai que traballar intensamente na súa prevención, existen outros factores que tamén afectan as masas forestais como son as pragas, enfermidades e o incremento de fenómenos meteorolóxicos danifios. Incidir nestes factores, así como no fomento das empresas asociadas ao medio forestal, é o obxectivo desta medida do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020.

Destaca ademais, a contribución da conservación das masas forestais á mitigación e adaptación ao cambio climático, loita contra a desertización e a conservación da biodiversidade.

Para lograr este obxectivo, artículanse seis submedidas:

- ✓ Submedida 8.1 Axuda para a reforestación/creación de superficies forestais
- ✓ Submedida 8.2 Axuda para o establecemento e mantemento de sistemas agroforestais
- ✓ Submedida 8.3 Axuda para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes
- ✓ Submedida 8.4 Axuda para a reparación dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes
- ✓ Submedida 8.5 Axuda para investimentos para incrementar a capacidade de adaptación e o valor ambiental dos ecosistemas forestais
- ✓ Submedida 8.6 Axuda para os investimentos en tecnoloxías forestais e na transformación, mobilización e comercialización de produtos forestais

1.1. Submedida 8.3 Axuda para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes

As actuacións de prevención de incendios e outros danos nos montes teñen especial relevancia na conservación das masas forestais. Dada a importancia do sector forestal en Galicia preténdese por tanto traballar a favor da prevención das catástrofes que lle afectan.

1.1.1. Que tipo de actuacións se financian?

No marco desta medida fináncianse actuacións de planificación preventiva contra incendios forestais e outras catástrofes naturais e accións de prevención e de loita integrada contra pragas e enfermidades forestais e a implantación e mellora de instalacións de vixilancia e

sistemas de seguimento das mesmas, así como en campañas de erradicación de especies vexetais invasoras.

1.1.2. Quen pode solicitar esta axuda?

Conforme ao Regulamento (UE) nº 1305/2013, poderán ser beneficiarios os titulares forestais privados e públicos e outros organismos públicos e de dereito privado e as súas asociacións, entendendo a titularidade forestal da superficie, do aproveitamento ou do uso e goce:

- ✓ As Administracións Públicas propietarias ou xestoras de montes, do seu aproveitamento ou do uso e goce do mesmo, ou ben administracións que realicen tarefas preventivas contra pragas, enfermidades, cicloxénese e incendios.
- ✓ Os xestores de montes, xa sexa por arrendamentos ou contratos plurianuais coa propiedade (xa sexa pública ou privada)
- ✓ Os propietarios de terreos forestais que os xestionen directamente
- ✓ Organismos públicos e de dereito privado que xestionen montes, o seu aproveitamento ou o seu uso e goce

1.1.3. Como se outorga a axuda?

A axuda poderá articularse:

- ✓ A través de investimentos directos realizados polas administracións públicas competentes, ben por elas mesmas ou por medio dos seus entes instrumentais
- ✓ Mediante subvencións aos investimentos realizados, previa convocatoria pública en concorrencia competitiva

1.1.4. Que tipo de gastos se financian?

A través de esta medida poderanse financiar os seguintes custos:

- ✓ Prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, para crear discontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal, como control da vexetación, queimas prescritas, rozas, clareos, claras e podas (altas e baixas), eliminación de restos forestais incluído manexo de gando.
- ✓ Construción e mantemento das redes de faixas de xestión de biomasa forestal dispostas na Lei 3/2007
- ✓ Prácticas forestais preventivas en perímetros e leiras declaradas como abandonadas segundo a Lei 6/2011
- ✓ Erradicación de plantas invasoras



- ✓ Equipos e material de vixilancia preventiva, detección e investigación forestal
- ✓ Construción e mantemento de infraestruturas de protección, tales como camiños, pistas forestais, puntos de abastecemento de auga, devasa, áreas devasas, faixas auxiliares, heliportos e aeródromos
- ✓ Instalación e mantemento de superficies de uso pascícola e silvopascícola en terreos forestais, entendendo que o aproveitamento ordenado de pastos nos montes contribúe a reducir o risco de incendios
- ✓ Prevención da propagación de fungos ou insectos ou outros patóxenos na madeira aproveitada como consecuencia de incendios, pragas, enfermidades e outras catástrofes mediante tratamentos de auga ou secado, e tratamentos térmicos para a eliminación de patóxenos
- ✓ Actividades de prevención, control e loita integrada contra pragas e enfermidades, incluída a elaboración de plans de prevención, defensa e seguimento de pragas e enfermidades, así como outras actuacións necesarias fronte a cicloxénesis explosivas
- ✓ Medios e equipos relacionados coa prevención de incendios (maquinaria, vehículos, roupa técnica para persoal en labores preventivas, etc)
- ✓ Equipos de comunicación e custos de establecemento ou mellora de instalacións de vixilancia e control de incendios forestais, incluíndo zonas de aterraxe para helicópteros e avións de á fixa.
- ✓ Custos de establecemento ou mellora de instalacións de vixilancia e control de pragas e enfermidades forestais, así como os custos derivados do seu seguimento, incluíndo a medición continuada das parcelas forestais contidas nas redes de seguimento
- ✓ Redacción e posta en marcha de instrumentos de ordenación ou xestión forestal
- ✓ Redacción de proxectos
- ✓ Planificación das actuacións, elaboración de estudos e de informes dirixidos a ninimizar o número de incendios forestais e as perdas económicas e ambientais consecuencia destes.

1.1.5. Que requisitos se han cumprir para recibir a axuda?

En materia de prevención:

- ✓ Para a aplicación da medida se terán en conta as definicións contidas no PDR.
- ✓ Serán admisibles as actuacións nas infraestruturas lineais cuxo obxectivo sexa a prevención e defensa contra os incendios forestais, en calquera tipo de solo con continuidade co solo rústico.
- ✓ En relación co art. 50 do Regulamento (UE) 1305/2013, consideraranse tamén





admisibles actuacións fora da “zona rural” (parroquias en zonas densamente poboadas) sempre que nestas se realicen actividades forestais ou de prevención de incendios co fin de evitar o abandono e diminuír o risco de incendios que pode afectar a zonas de interfaz urbano forestal.

- ✓ Para as subvencións destinadas á redacción de instrumentos de ordenación ou xestión forestal, a axuda estará supeditada a que devanditos terreos sexan declarados previamente como de medio ou alto risco de incendios. Para as axudas destinadas a redacción de instrumentos de ordenación ou xestión forestal, non se exigirá que dipoñan previamente dun deles.
- ✓ No caso de creación de pistas forestais, non se poderá superar unha densidade de 40 ml/ha (20 ml/ha nas áreas de montaña e outras que puidesen afectar a espazos protexidos).
- ✓ Non serán subvencionables os equipos de extinción de incendios, tales como helicópteros, avións de ala fixa, motobombas ou vehículos 4x4, nin as instalacións de aterraxe para actividades comerciais.
- ✓ En caso de intervencións preventivas contra pragas e enfermidades, a Administración forestal será o organismo competente para decidir, de forma xustificada, a súa realización, segundo establece o artigo 116.3 da Lei 7/2012 de montes de Galicia, podendo promover a colaboración con asociacións de propietarios forestais e con outros departamentos e administracións públicas.
- ✓ Nas superficies poboadas con especies do xénero Eucalyptus só poderán realizarse, dentro desta submedida, tratamentos contra pragas ou enfermidades específicas, e de prevención de incendios forestais, así como instrumentos de ordenación ou de xestión forestal.
- ✓ A lista de especies potencialmente perigosas e identificación de áreas en risco, poderá ser proporcionada por centros de investigación, universidades, servizos de vixilancia e control da Administración ou outros organismos científicos públicos; e será actualizada segundo a aparición de novas pragas e enfermidades.
- ✓ As actuacións realizadas en áreas incluídas en zonas da Rede Natura 2000 serán compatibles coa súa lexislación específica. Naquelas que precisen informe preceptivo da autoridade ambiental, se considerarán admisibles aquelas que contén co informe favorable.

1.1.6. Que criterios serán utilizados para a selección?

Aplicaranse criterios de selección de maneira obrigatoria (incluso nos casos nos que o orzamento da convocatoria sexa superior á demanda de financiamento), que deberán estar



claramente definidos antes do inicio do proceso de solicitude para garantir a igualdade de trato de todos os solicitantes.

1.1.7. A canto ascende esta axuda?

A axuda será do 100% dos custos elixibles.

1.1.8. Quen xestiona esta axuda?

Esta axuda está xestionada por dúas entidades:

- ✓ Subdirección Xeral de Recursos Forestais da Dirección Xeral de Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural
- ✓ Subdirección Xeral de Prevención da Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural

1.1.9. Marco normativo

- ✓ Regulamento (UE) Nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns ao FEDER, FSE, Fondo de Cohesión, Feader e FEMP
- ✓ Regulamento (UE) Nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).
- ✓ Regulamento Delegado (UE) Nº 807/2014 da Comisión, de 11 de marzo de 2014, que completa o Regulamento (UE) Nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e introduce disposicións transitio
- ✓ Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común de Galicia e lexislación de desenvolvemento
- ✓ Lei 43/2002, de 20 de novembro, de sanidade vexetal
- ✓ Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia e lexislación de desenvolvemento
- ✓ Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- ✓ Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- ✓ Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia e lexislación de desenvolvemento
- ✓ Real Decreto 630/2013, de 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo español de



especies exóticas invasoras

- ✓ Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- ✓ Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que trasponse ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014

1.1.10. Documentos e enlaces relacionados

- ✓ Información sobre o sector forestal (Consellería do Medio Rural)
<http://mediorural.xunta.gal/areas/forestal/presentacion/>
- ✓ Estratexia Española de Conservación e Uso Sostible dos Recursos Xenéticos Forestais (Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación)
http://www.mapama.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/politica-forestal/recursos-geneticos-forestales/rgf_estrategias_conservacion.aspx
- ✓ Información da Xunta de Galicia sobre incendios (Consellería do Medio Rural)
http://mediorural.xunta.gal/areas/forestal/incendios_forestais/
- ✓ Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia - Pladiga (Consellería do Medio Rural)
http://mediorural.xunta.gal/areas/forestal/incendios_forestais/pladiga_2018/
- ✓ Plan Forestal Español 2002-2032 (Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación)
http://www.mapama.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/politica-forestal/planificacion-forestal/politica-forestal-en-espana/pfe_plan_forestal_esp.aspx
- ✓ Marco de Acción Prioritaria para a Rede Natura 2000 (Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación)
http://www.mapama.gob.es/es/biodiversidad/temas/espacios-protegidos/red-natura-2000/rn_cons_marco_accion_prioritaria.aspx
- ✓ Para obter máis información, consulte a sección 8.2.7.3.2 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020

